


A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 25 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1.1 33851 (10/POC-005317)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre os resultados que se espera conseguir coas convocatorias de axudas de unidades formativas na empresa dirixidas a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 1.2 35461 (10/POC-005642)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o transporte sanitario terrestre, as actuacións previstas no caso dunha sentenza xudicial que determine a existencia de irregularidades na concesión do servizo e as medidas que vai adoptar en relación co informe policial referido ao incumprimento nas ambulancias das medidas de seguridade establecidas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018
- 1.3 35483 (10/POC-005650)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018
- 1.4 38006 (10/POC-005995)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da problemática existente en relación co concerto da Xunta de Galicia coa empresa privada que xestiona o Hospital Povisa de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

- 1.5 38061 (10/POC-006003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa cobertura da atención ás persoas maiores dependentes na Costa da Morte, as súas previsións respecto do mantemento de contactos co Concello de Corcubión para a apertura do centro de día da vila e a asunción da súa xestión, así como, se é o caso, o cronograma estimado para a súa posta en marcha e adxudicación das prazas públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 1.6 38079 (10/POC-006007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre as novidades existentes en relación coa campaña de vacinación contra a gripe do ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 1.7 38247 (10/POC-006030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación económica e a xestión levada a cabo por Povisa no referido ao concerto asinado co Sergas, as que está a levar a cabo para solucionar a situación xerada a consecuencia da presentación do concurso de acredores e as alternativas que ten o Sergas no caso de renuncia ao concerto por parte da empresa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 1.8 38332 (10/POC-006038)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia do orzamento destinado ao financiamento da Rede Galega de Atención Temperá, a súa valoración en relación co estado actual de desenvolvemento desa rede e as actuacións previstas para garantir a estabilidade do servizo nos vindeiros anos, así como as súas intencións respecto da modificación do seu modelo de financiamento e o desenvolvemento normativo do Decreto 138/2013
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2018 14:17:02